



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/18003

Feitos

Primeiro. O servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/18003, profesor/a axudante doutor/a da área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Experimentais do departamento de Pedagogía e Didáctica incorren en conflitos de interese, segundo o establecido no artigo 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024:

Bugallo Rodríguez, Ánxela: presidenta titular
Vega Marcote, Pedro: presidente suplente
Rivadulla López, Juan Carlos: secretario titular
Vázquez Ben. Lucía: secretaria suplente.

Segundo. O Consello do Departamento de Pedagogía e Didáctica formulou unha nova proposta de presidencias e secretarías.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.10 da citada normativa establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impedisese a súa actuación, como é este caso.

O artigo 6.3 da normativa establece que o Consello de Departamento propondrá a presidencia e a secretaría, titulares e suplentes, que serán preferentemente da UDC.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Presidencia titular: substitúese a Ánxela María Bugallo Rodríguez por Ana Sánchez Bello.

Presidencia suplente: substitúese a Pedro Vega Marcote por María Begoña Rumbo Arcas

Secretaría titular: substitúese a Juan Carlos Rivadulla López por Juan José Lorenzo Castiñeiras.

Secretaría suplente: substitúese a Lucía Vázquez Ben por Juan José Bueno Aguilar.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández